
CIG

Secretaría das mulleres

PORQUE A AUTONOMÍA ECONÓMICA É LIBERDADE

ESTE 25 DE NOVEMBRO, ORGANIZÁMONOS E COMBATEMOS

ENCARÉCENNOS A VIDA



CONTRA O EMPOBRECEMENTO DAS MULLERES E A VIOLENCIA INSTITUCIONAL

25 de NOVEMBRO

DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

CIG

Secretaría das mulleres

CIG 2025

ENCARÉCENNOS A VIDA

AS mulleres asumimos a meirande parte do custo de encarecemento da vida. Sobe a vivenda. Sobe a luz. Sobe o transporte. Sobe a alimentación. Pero as mulleres seguimos cobrando menos, acumulando máis parcialidade e ocupando os empregos peor remunerados. Somos maioría nos traballos que sosteñen a vida e, ao mesmo tempo, somos as que máis dificultades temos para vivir dignamente do noso traballo.

A carestía non nos afecta a todas por igual. Cando unha muller non chega a fin de mes, cando depende economicamente doutra persoa, cando non pode pagar unha vivenda ou cando ten que reducir a súa xornada para coidar porque non existen servizos públicos suficientes, a súa liberdade tamén se reduce.

E mentres isto acontece, o Goberno galego recorta, privatiza e precariza os recursos que deberían garantir a igualdade e protexer as mulleres.

Privatízanse os coidados. Externalízase a atención ás vítimas. Faltan profesionais nos servizos públicos. Mantense a fenda salarial. E diante das mulleres que protestamos, medra unha ofensiva reaccionaria que intenta ridiculizarnos, desacreditarnos e expulsarnos do espazo público.

Non imos calar

Porque combater a violencia machista tamén significa garantir que todas as mulleres teñamos un salario digno, unha vivenda, servizos públicos, coidados, protección e recursos suficientes para decidir libremente sobre as nosas vidas

Contra o empobrecemento das mulleres e a violencia institucional

Porque os nosos dereitos non son un gasto

Esiximos:

1. Medidas efectivas contra a fenda salarial e a precariedade feminina, reforzando a negociación colectiva, a valoración dos postos de traballo e o control do cumprimento dos plans de igualdade.
2. Incrementos salariais que permitan recuperar poder adquisitivo e cláusulas de revisión que impidan que a inflación siga empobrecendo as persoas traballadoras.
3. A creación dun Sistema Público Galego de Coidados e a progresiva reversión da privatización do SAF, residencias, escolas infantís e demais servizos esenciais.
4. A xestión pública directa dos centros de atención integral 24 horas ás vítimas de violencia sexual e o reforzo dos recursos de acollemento e atención ás vítimas.
5. Persoal suficiente nos xulgados especializados, nos equipos psicosociais do IMELGA e no conxunto dos servizos relacionados coa violencia machista.
6. Recuperación dunha estrutura institucional de igualdade coa máxima capacidade política, persoal e orzamentaria.
7. Incremento real dos recursos destinados á prevención e atención da violencia machista.
8. Desenvolvemento de políticas públicas de vivenda, conciliación e autonomía económica que permitan ás mulleres construír proxectos de vida independentes.
9. Condicións laborais dignas e seguras nos sectores feminizados, singularmente SAF, dependencia, residencias, escolas infantís, limpeza e comercio.
10. Políticas públicas contra a misoxinia dixital e o antifeminismo, con especial atención á educación, á mocidade e ás redes sociais.
11. Exemplaridade institucional e rexeitamento de calquera comportamento ou discurso público que banalice, desacredite ou silencie as mulleres que denuncian violencia ou desigualdade.

25 de NOVEMBRO

DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES